

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno  
correspondente ao día 10 de marzo de 2025**

Con data diez de marzo do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. Luis Menor Pérez

**Deputados/as:**

D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> María Teresa Barge Bello

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2025.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de febreiro de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXIV EDICIÓN DO PREMIO DE XORNALISMO XOSÉ AURELIO CARRACEDO .-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria da XXXIII edición do premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, correspondente ao ano 2024, conforme coas seguintes cláusulas:

**Primeira.** O premio Xosé Aurelio Carracedo dividirase en dúas modalidades:

**Premio á traxectoria profesional, cuxa dotación será de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) e diploma acreditativo** para recoñecer a traxectoria profesional dun xornalista. No fallo serán tidos en conta especialmente os vencellos persoais ou profesionais con Galicia, en particular coa provincia de Ourense.

Poderán ser candidatos/as a esta modalidade todos/as os/as profesionais ou colaboradores/as habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos, audiovisuais ou dixitais.

Nesta modalidade, as candidaturas ao premio serán presentadas:

- a.1) Polos/as membros do xurado, cada un/unha dos/as cales poderá formular ata 3 propostas.
- a.2) Por institucións, asociacións ou colectivos de calquera ámbito (económico, social, cultural ou deportivo, etc.), que poderán presentar 1 proposta.
- b) Bolsa Xosé Aurelio Carracedo, cunha dotación de tres mil euros (3.000,00 €),** que recoñeza o mellor expediente académico para aquela alumna ou alumno ourensán que cursara o primeiro ano do grao en Xornalismo no sistema público universitario español, correspondente ao ano académico 2022-2023.

**Segunda.** O xurado do Premio Xosé Aurelio Carracedo de Xornalismo estará presidido polo presidente da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue, e como vogais:

- Un/unha representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Un/unha representante da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE).
- Un/unha representante da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.
- Un/unha representante da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo.

O secretario do xurado, con voz pero sen voto, será o asesor de Comunicación da Deputación de Ourense.

**Terceira.** A presentación de candidaturas á traxectoria profesional e expedientes académicos que opten á bolsa realizarase do seguinte modo:

- a) Cada un/unha dos/as membros do xurado fará chegar ata un máximo de 3 candidaturas á **traxectoria profesional**, acompañadas dunha breve xustificación da proposta.

- b) As institucións, colectivos e asociacións poderán enviar ata 1 candidatura á **traxectoria profesional**, acompañada dunha breve xustificación.
- c) O estudantado que opte á **Bolsa Xosé Aurelio Carracedo** presentará unha copia en formato PDF do seu expediente académico, acompañado dos datos persoais: nome e apelidos, domicilio, teléfono, enderezo electrónico e copia do DNI.

**Cuarta.** As propostas dirixiranse ao Gabinete de Comunicación da Deputación de Ourense dentro dos 30 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), conforme cos modelos anexos ás bases (anexo 1 para xurado e entidades; anexo 2 para bolsas) e dispoñibles na páxina web [www.depourense.es](http://www.depourense.es), na sección de “Premios”.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

- a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da proposta no Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares establecidos no artigo

16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste último caso –a presentación de propostas noutro rexistro diferente ao da Deputación de Ourense- recoméndase enviar copia da instancia ao enderezo electrónico: [premioscarracedo@depourense.es](mailto:premioscarracedo@depourense.es)

- b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

**Quinta.** O prazo de presentación das propostas á traxectoria profesional e de expedientes para a Bolsa Xosé Aurelio Carracedo pecharase transcorridos 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

**Sexta.** Unha vez finalizado o prazo de presentación de propostas e expedientes académicos, o xurado dentro dos 15 días naturais seguintes para emitir o seu fallo, e serán convocados polo secretario do xurado.

**Sétima.** O acto de entrega do XXXIII Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo terá lugar nun acto público que se celebrará no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Ourense, cuxa data e hora comunicaranse mediante a oportuna convocatoria pública.

**Oitava.** A participación neste premio periodístico implica a aceptación das bases. Quedan excluídos de participar neste certame os funcionarios/as e o persoal laboral da Deputación de Ourense. Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP de Ourense e no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

**3º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE. PROGRAMA ChegOU, EXERCICIO 2025 .-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para concesión de subvencións para o fomento da natalidade da provincia de Ourense, no marco do Programa ChegOU, para o exercicio 2025, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**Primeira.- Obxecto da subvención.**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar, lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante o ano 2025 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

**Segunda.- Beneficiarios/as**

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

1. Calquera dos proxenitores dunha menor nacida/o entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.
2. A persoa adoptante dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.
3. O/a titor/a dun/dunha menor, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

A) A persoa solicitante ten que figurar empadroadada nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude e, ademais esta inscrición ten que cumprir algunha das seguintes condicións:

A.1 Que a inscrición nalgún concello da provincia de Ourense teña una antelación de, cando menos, 1 mes antes da data de publicación do extracto das bases desta convocatoria .

A.2 Que a inscrición nalgún concello da provincia de Ourense teña una antelación de, cando menos, 6 meses anteriores a data de nacemento do/a menor que concede o dereito a esta axuda.

B) En caso de que a persoa solicitante sexa estranxeira, terán que cumprir, ademais, o establecido na LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España e a súa integración social.

Cada nena ou neno nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única subvención a favor do solicitante proxenitor, adoptante ou titor.

### **Terceira. Dispoñibilidade orzamentaria**

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48909, ata un máximo de 400.000 € (catrocentos mil euros). Periodicamente, a Área de Benestar da Deputación de Ourense realizará un balance orzamentario do desenvolvemento de programa.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

### **Cuarta.- Contía**

**As contías ás que terán dereito as persoas solicitantes serán as que resulten da consideración dos apartados seguintes.**

#### A) Segundo o concello de empadramento da/do solicitante.-

As contías recollidas neste apartado dependerán do “grao do reto demográfico” que teña sinalado o concello no que están empadroados a persoa solicitante, segundo se recolle no Anexo I desta convocatoria.

As contías serán as seguintes:

- Para concellos de grao 0 (sen prioridade), e grao 1 : 300,00 € (trescentos euros).
- Para concellos de grao 2 e grado 3: 500,00 € (cincocentos euros).

#### B) Segundo a condición de persoa con discapacidade da/do solicitante ou do/a menor que xere o dereito á subvención.

En caso de que a persoa solicitante, ou ben a/o menor que xera o dereito a esta axuda, teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33%, terán dereito a que se incremente a contía, nos seguintes límites:

- Concellos grao 0 (sen prioridade) ou grao 1 + discapacidade acreditada : 750,00€.
- Concellos grao 2 e grao 3 + discapacidade acreditada: 1.000,00€

C) Segundo a condición de familia numerosa: Aqueles/as solicitantes teñan, o adquiran a través da/a menor que xera o dereito a esta axuda, condición de familia numerosa, segundo o previsto na Ley de Protección das Familias Numerosas, (Ley 40/2003, de 18 de novembro), e as súas posteriores modificacións (Ley 40/2007 de 4 de decembro e Ley 26/2015 de 28 de xullo,) terán dereito a un incremento de 250,00 € na axuda a natalidade dependendo dos criterios que cumpran nos apartados previos.

- Empadramento concellos grao 0 ou 1; 300, 00 € + 250,00 € = 550,00 €
- Empadramento concellos grao 2 ou 3; 500, 00 € + 250,00 € = 750,00 €
- Empadramento concellos grao 0 ou 1, discapacidade igual ou superior o 33%; 750, 00 € + 250,00 € = 1.000,00 €.
- Empadramento concellos grao 2 ou 3, discapacidade igual ou superior o 33%; 1.000, 00 € + 250,00 € = 1.250,00 €.

#### **Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.**

1. As solicitudes poderanse presentar desde o día seguinte a publicación de estas bases e ata o 31 de decembro de 2025. No caso de que o nacemento do/a menor ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o 1 e o 31 de decembro de 2025, o prazo de solicitude rematará o día 15 de xaneiro do ano 2026.
2. As solicitudes deberanse presentar telematicamente, utilizando a plataforma “ChegOU” a través da web da Deputación de Ourense <http://www.depourense.gal>, e rexistraranse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense.

O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 4.2 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 230, de data 05.10.2021), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que estará accesible no enderezo indicado.

Para a presentación de solicitudes, poderase realizar:

- 1) Con Certificado electrónico.

2) Sen certificado electrónico.

Farase da forma seguinte:

- a. Con certificado electrónico. Admitirase a presentación a través de calquera dos certificados válidos habilitados por esta Deputación.
- b. Sen certificado electrónico. No caso de que a persoa interesada non dispoña de certificado electrónico, poderase utilizar algún dos seguintes medios:

- **Identificación dixital por voz**

A persoa interesada deberá solicitar unha cita na Deputación de Ourense a través dunha chamada telefónica ao 988317766. A través desta chamada concertará unha día e hora para asinar a solicitude a través da súa voz: sinatura biométrica vogal que quedará engadida á solicitude para poder rexistrarse dixitalmente por un/unha funcionario/a habilitado.

- **Presencialmente**

Directamente nas oficinas da Área de Benestar da Deputación de Ourense. De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 5.7 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provincias da DPO e dos seus entes dependentes e adscritos, se algunha persoa interesada non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou sinatura electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un/ha funcionario/a público/a provincial habilitado/a, mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que a persoa interesada non estea obrigada a relacionarse electronicamente coa DPO, que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o/a funcionario/a e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Aos efectos da tramitación de solicitudes ao abeiro destas bases terán a consideración de funcionarios/as públicos/as provinciais habilitados/as os seguintes:

- Área Benestar . Técnica Área de Benestar, D.N.I. \*\*\*5240\*\*
- Área de Benestar. Técnico Área de Benestar, D.N.I. \*\*\*5747\*\*
- Área de Benestar. Técnica Área de Benestar, D.N.I. \*\*\*5090\*\*

2.- Outros Rexistros Validos.- Poderán presentala tamén a través do Sistema ORVE. Neste caso as persoas interesadas cubrirán a súa solicitude a través da plataforma informática e, unha vez cuberta, terán que imprimila e levala ante calquera das oficina de Correos de España e pedir que envíen o orixinal polo SISTEMA ORVE ao rexistro da Deputación de Ourense, ou ante calquera dos outros rexistros válidos recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

- a. Unha copia do DNI, ou documento identificativo, no caso de non autorizar a súa consulta.
- b. Unha copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c. Copia do rexistro civil onde conste inscrito o/a menor a efectos da comprobación da súa filiación, no caso de non autorizar a consulta
- d. Unha copia da resolución xudicial ou administrativa que constitúa a adopción ou tutela.
- e. Unha copia da condición de familia numerosa : Carne Familiar da persoa solicitante en vigor.
- f. Unha copia da condición acreditativa de discapacidade igual ou superior o 33 %, do solicitante ou do recen nacido, de ser o caso.
- g. Unha declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou, para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Area de Benestar da Deputación Provincial, que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

#### **Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións**

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada sete días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do xoves anterior ao da valoración ata as 12.00 horas a do mércores, previo ao xoves de valoración, salvo aquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirlle á persoa solicitante para presentar algunha documentación. O sistema determinará a cualificación como “conforme coa axuda á natalidade Deputación” ou “excluída”, en atención a que se cumpran os requisitos de acceso esixibles para ter dereito a ela ou non. Logo da comprobación conforme coas características de acceso, incluíranse na resolución semanal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

Paralelamente remitiráselle ás entidades financeiras colaboradoras unha lista ordenada de solicitudes concedidas, para que procedan a emitir e remitir o , de selo caso, cargar, as tarxetas electrónicas.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituído pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido na Lei de procedemento administrativo, e no enderezo electrónico <http://www.depourense.gal>

#### **Sétima.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:**

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.gal](mailto:gabinete.presidencia@depourense.gal).

b) Os datos do delegado de protección de datos son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: [dpo@depourense.gal](mailto:dpo@depourense.gal).

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas ChegOU. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.gal](http://www.depourense.gal)

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contraditorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Oitava.- Tarxeta electrónica da Deputación**

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución semanal recibirán, no enderezo sinalado na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta “ChegOU”.

Esta tarxeta poderá emitirse de xeito nominativo ou automatizado. No caso das tarxetas automatizadas poderán ser emitidas e entregadas no momento de realizar a solicitude de xeito presencial e sempre que identifiquen a súa situación de vulnerabilidade ante os técnicos da Área de Benestar.

A situación de vulnerabilidade será identificada a través do cuestionario de vulnerabilidade normalizado que poderá cumplimentarse e firmarse no intre da tramitación presencial.

O funcionamento da Tarxeta ChegOU é o que segue:

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se facilitarán dende a Deputación de Ourense, e só poderá usala en:

- Farmacias e para-farmacias para a adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde.
- Ópticas, centros de audición, ortopedias para a adquisición de produtos específicos relacionados coa situación vital do solicitante, que fagan mais sinxela, a crianza e coidado dos recen nados,

Queda excluído o uso online e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de maio do ano 2026.

#### **Novena.- Gastos subvencionables**

As subvencións terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde para o recién nacido e/ou de saúde, relacionados coa situación vital do solicitante, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior á do nacemento/adopción do/a neno/a que motiva a subvención e ata o 31 de maio de 2026.
2. Que conste como executora do gasto a persoa beneficiaria da subvención.

#### **Décima.- Xustificación da subvención e pago de subvencións**

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no/na solicitante-beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser proxenitor/a dun/unha neno/a nacido/a durante o ano 2025, titor/a ou pai/nai dun/dunha menor adoptado/a durante o ano 2025, non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

Por solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nestas bases serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poida derivar ningún dereito para aquela persoa beneficiaria que non fixese uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

#### **Décimo primeira.- Compatibilidade**

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

#### **Décimo segunda - Normativa supletoria**

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

## ANEXO I

### CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, conleva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

## 1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

| DATO                               | REXISTRO OFICIAL                                                        | ENLACE                                                                                                                                                                                                                                                          | DATA                                                                                                                                          |
|------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Inclusión nunha área urbana        | Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior | <a href="https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas">https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas</a>                                                                   | Diciembre de 2023                                                                                                                             |
| Poboación oficial                  | INE                                                                     | <a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>                                                                                                                                                             | Publicado: 13/12/2024                                                                                                                         |
| Variación da poboación (2014-2023) | INE                                                                     | <a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>                                                                                                                                                             | Publicado: 13/12/2024. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine.                                                            |
| Superficie do termo municipal      | IGE                                                                     | <a href="http://www.ige.eu/igebdt/esg.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=">http://www.ige.eu/igebdt/esg.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=</a> | 2011                                                                                                                                          |
| Densidade de poboación             | INE/IGE                                                                 | <a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>                                                                                                                                                             | Población INE 2023- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie          |
| Índice de envellecemento           | INE/IGE                                                                 | <a href="https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p">https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p</a>                                                                                                                                       | Elaboración Propia con datos de Población de 2023 (publicados el 03/05/2024, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento) |
| Taxa de natalidade                 | IGE                                                                     | <a href="http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001">http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001</a>                                                                                       | Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2021-2022 y 2023 que son los definitivos a 03/05/2024         |

## 2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

### a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

**1. Sen Prioridade Demográfica:** Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2023” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

**2. Con Prioridade Demográfica:** Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademáis, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

#### **b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “**con prioridade demográfica**”, obterán un GRAO. Os grados son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “**sen prioridade demográfica**”, obterán un **Grao 0**.

### **3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

#### **1.- Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2024.

#### **2.- Situación Xeográfica.**

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.  
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

#### **3.- Perda da poboación.**

Diferéncianse entre:

- a) Concellos que gañaron poboación na década 2014-2023.
- b) Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2023.
- c) Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2023
- d) Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2023.
- e) Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2023

#### **4.- Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- a) Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup>.
- b) Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- d) Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

#### **5.- Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2023<sup>1</sup>-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

#### **6.- Taxa de Natalidade.**

---

<sup>1</sup> Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2021,2022,2023<sup>2</sup>, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

#### **4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.**

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

##### **1. Sen prioridade demográfica**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- a) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- b) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

##### **2. Con prioridade demográfica**

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

##### **GRAO 1.**

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- b) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

---

<sup>2</sup> Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

## **GRAO 2.**

Concellos Con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- d) Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- f) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- g) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

## **GRAO 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2023 maior ao 20%
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2023 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

**5. TABLA DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO.**

|    | CONCELLO                 | CLASIFICACIÓN<br>PRIORIDADE<br>DEMOGRÁFICA |
|----|--------------------------|--------------------------------------------|
| 1  | Allariz                  | sen prioridade                             |
| 2  | Amoeiro                  | Grado 1                                    |
| 3  | Arnoia, A                | Grado 1                                    |
| 4  | Avión                    | Grado 2                                    |
| 5  | Baltar                   | Grado 3                                    |
| 6  | Bande                    | Grado 2                                    |
| 7  | Baños de Molgas          | Grado 1                                    |
| 8  | Barbadás                 | sen prioridade                             |
| 9  | Barco de Valdeorras, O   | sen prioridade                             |
| 10 | Beade                    | Grado 3                                    |
| 11 | Beariz                   | Grado 2                                    |
| 12 | Blancos, Os              | Grado 3                                    |
| 13 | Boborás                  | Grado 2                                    |
| 14 | Bola, A                  | Grado 2                                    |
| 15 | Bolo, O                  | Grado 3                                    |
| 16 | Calvos de Randín         | Grado 3                                    |
| 17 | Carballeda de Avia       | Grado 2                                    |
| 18 | Carballeda de Valdeorras | Grado 2                                    |
| 19 | Carballiño, O            | sen prioridade                             |
| 20 | Cartelle                 | Grado 2                                    |
| 21 | Castrelo de Miño         | Grado 2                                    |
| 22 | Castrelo do Val          | Grado 3                                    |
| 23 | Castro Caldelas          | Grado 2                                    |
| 24 | Celanova                 | sen prioridade                             |
| 25 | Cenlle                   | Grado 1                                    |

|    |                    |                |
|----|--------------------|----------------|
| 26 | Chandrea de Queixa | Grado 3        |
| 27 | Coles              | Grado 1        |
| 28 | Cortegada          | Grado 1        |
| 29 | Cualedro           | Grado 2        |
| 30 | Entrimo            | Grado 2        |
| 31 | Esgos              | Grado 1        |
| 32 | Gomesende          | Grado 3        |
| 33 | Gudiña, A          | Grado 2        |
| 34 | Irixo, O           | Grado 2        |
| 35 | Larouco            | Grado 3        |
| 36 | Laza               | Grado 2        |
| 37 | Leiro              | Grado 1        |
| 38 | Lobeira            | Grado 3        |
| 39 | Lobios             | Grado 2        |
| 40 | Maceda             | Grado 1        |
| 41 | Manzaneda          | Grado 3        |
| 42 | Maside             | Grado 2        |
| 43 | Melón              | Grado 2        |
| 44 | Merca, A           | Grado 1        |
| 45 | Mezquita, A        | Grado 2        |
| 46 | Montederramo       | Grado 3        |
| 47 | Monterrei          | Grado 2        |
| 48 | Muíños             | Grado 2        |
| 49 | Nogueira de Ramuín | Grado 1        |
| 50 | Oímbra             | Grado 1        |
| 51 | Ourense            | sen prioridade |
| 52 | Paderne de Allariz | Grado 1        |
| 53 | Padrenda           | Grado 2        |
| 54 | Parada de Sil      | Grado 3        |
| 55 | Pereiro de Aguiar  | sen prioridade |
| 56 | Peroxa, A          | Grado 1        |
| 57 | Petín              | Grado 1        |
| 58 | Piñor              | Grado 2        |
| 59 | Pobra de Trives, A | Grado 1        |
| 60 | Pontedeva          | Grado 3        |

|    |                          |                |
|----|--------------------------|----------------|
| 61 | Porqueira                | Grado 2        |
| 62 | Punxín                   | Grado 1        |
| 63 | Quintela de Leirado      | Grado 3        |
| 64 | Rairiz de Veiga          | Grado 2        |
| 65 | Ramirás                  | Grado 2        |
| 66 | Ribadavia                | Grado 1        |
| 67 | Ríos                     | Grado 2        |
| 68 | Rúa, A                   | Grado 1        |
| 69 | Rubiá                    | Grado 2        |
| 70 | San Amaro                | Grado 2        |
| 71 | San Cibrao das Viñas     | sen prioridade |
| 72 | San Cristovo de Cea      | Grado 2        |
| 73 | San Xoán de Río          | Grado 3        |
| 74 | Sandiás                  | Grado 2        |
| 75 | Sarreaus                 | Grado 2        |
| 76 | Taboadela                | Grado 1        |
| 77 | Teixeira, A              | Grado 3        |
| 78 | Toén                     | Grado 1        |
| 79 | Trasmiras                | Grado 2        |
| 80 | Veiga, A                 | Grado 3        |
| 81 | Verea                    | Grado 3        |
| 82 | Verín                    | sen prioridade |
| 83 | Viana do Bolo            | Grado 2        |
| 84 | Vilamarín                | Grado 1        |
| 85 | Vilamartín de Valdeorras | Grado 1        |
| 86 | Vilar de Barrio          | Grado 2        |
| 87 | Vilar de Santos          | Grado 1        |
| 88 | Vilardevós               | Grado 2        |
| 89 | Vilariño de Conso        | Grado 3        |
| 90 | Xinzo de Limia           | Grado 1        |
| 91 | Xunqueira de Ambía       | Grado 2        |
| 92 | Xunqueira de Espadanedo  | Grado 3        |

2º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación das citadas bases no BOP e na sede electrónica da Deputación.

**4º.-APROBACIÓN DAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2025.-** De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2025, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**Primeira.- Obxecto:**

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións, por parte da Deputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva, coa finalidade de financiar parcialmente os gastos derivados da súa participación na competición deportiva durante a temporada 2024-2025.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no seu parágrafo segundo, a presente convocatoria intégrase no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027 (en tramite á data de hoxe), contribuíndo ao fomento do deporte.

**Segunda.- Beneficiarios:**

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia.
- b) Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro deportivo oficial da Xunta de Galicia.
- c) Participar, na temporada 2024/2025 en competicións oficiais, calquera que sexa o seu ámbito, convocadas polas súas respectivas federacións.
- d) Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría sénior ou absoluta, cun mínimo de dez licenzas federativas. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establécese, así mesmo, como requisito básico, posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición.

2. Non poderán ser beneficiarios os clubs que só participen en ligas ou competicións locais ou comarcais, ou exclusivamente no deporte escolar ou ligas de empresas.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de cincocentos cincuenta mil euros (550.000,00 €), sen prexuízo de que no exercicio de 2025, e antes da resolución deste concurso, se poida incrementar a contía indicada, en cuxo caso, se procederá ao seu repartimento, coa aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria e sen necesidade dunha nova convocatoria.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

As subvencións terán unha contía máxima de 14.000,00 euros por cada beneficiario.

**Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:**

**Quinta 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.gal/>

**Quinta 2. Prazo de presentación:**

O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o **21 de abril de 2025**, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

**Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:**

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

**a) Documentación administrativa:**

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I** destas bases.

a.2) Estatutos sociais do club.

a.3) Certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) e o certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia (apartado a.3) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación, agás no caso en que se producen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.4) Poder co que actúe o representante do club, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento do seu nomeamento ou elección.

a.5) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II** destas bases.

a.6) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo **anexo III**.

a.7) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias

na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo **anexo IV**.

A presentación do documento sinalado no apartado a.7) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprovará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito, que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

**b) Documentación obrigatoria para a valoración da solicitude:**

É obrigatorio cubrir completamente todos os anexos oficiais da convocatoria, excluíndose da valoración aqueles apartados dos anexos que non veñan cumprimentados.

1. Ficha de avaliación da estrutura e incidencia social da entidade, segundo o modelo recollido no **anexo V** destas bases (deberá presentarse unha ficha por cada disciplina ou modalidade deportiva, no caso de desenvolverse máis dunha).

Así mesmo, e no caso de indicar técnicos neste anexo, deberán presentar o contrato que os vincula coa entidade deportiva.

2. Ficha de avaliación da situación económica da entidade e custos da actividade, segundo o modelo recollido no **anexo VI** destas bases, incluíndo, dunha parte, os datos da última liquidación oficial do club, que recolla con exactitude o resultado das operacións realizadas e que reflicta a imaxe fiel da súa actividade económica, e doutra parte, o orzamento da presente temporada 2024/2025. Tamén deberán cubrirse as follas cos gastos por quilometraxes realizados durante a pasada temporada 2023/2024 e, se procede, a seguinte folla de previsión de incrementos para a temporada actual. O anexo VI deberá ir asinado, en todas as súas follas, polo presidente e o tesoureiro do club solicitante.

3. Ficha de avaliación do nivel da competición (unha ficha por cada modalidade deportiva, se é o caso) segundo o modelo recollido no **anexo VII** destas bases. A esta ficha unirase obrigatoriamente o calendario ou calendarios da competición da temporada 2024/2025. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non coñezan o seu calendario de competición, deberán acompañar o da última temporada deportiva ou a previsión razoada da configuración do calendario da temporada 2024-2025. Para as entidades de disciplinas individuais tamén deberán cubrir folla coa relación nominal de previsión de participación en competicións oficiais, nesta temporada, dos seus principais deportistas.

4. Certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporada 2024/2025, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporada, segundo o modelo recollido no **anexo VIII**. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non comezaran a súa temporada deportiva, deberán acompañar un certificado co número de licenzas da última temporada.

**Quinta 4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

**Sexta.- Gastos subvencionables:**

Consideraranse gastos subvencionables os derivados da participación do club en competición deportiva oficial durante a temporada 2024-2025, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

**Sétima.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude:**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.gal](mailto:gabinete.presidencia@depourense.gal)

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: [dpd@depourense.gal](mailto:dpd@depourense.gal)

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de

subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.gal](http://www.depourense.gal) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.gal](mailto:gabinete.presidencia@depourense.gal), así como no correo do DPD: [dpd@depourense.gal](mailto:dpd@depourense.gal)

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Oitava.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no **anexo IX** destas bases, que estará igualmente dispoñible na sede electrónica da Deputación.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.gal>) e na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2025. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.gal>) e na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2025. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

**Novena.- Comisión de Valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de deporte.
- Vogais:
  - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
  - O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - A xefa do Negociado de Concursos, ou funcionario que legalmente a substitúa
  - Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia, designado pola Presidencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

**Décima.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:**

1. Para efectuar a valoración teranse en conta as seguintes regras:

a) É obrigatorio cubrir todos os anexos oficiais da convocatoria, de xeito que, se algunha folla non viñera cuberta, non será valorada. Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignárase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

No suposto de que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

b) A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude.

c) Así mesmo, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

d) Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os catro indicadores xerais seguintes:

a) Estrutura do Club: ata 130 puntos.

b) Situación económica da entidade: ata 80 puntos

c) Nivel da competición: ata 60 puntos

d) Incidencia social: ata 40 puntos.

a) Estrutura do Club: Este indicador avaliará a configuración e estrutura da entidade, a partir de datos obxectivos, como son o número de equipos con actividade, número de licenzas, apoio ao deporte de formación, feminino e cadro de técnicos.

a.1- Número total de licenzas federadas en competición da entidade, dando maior puntuación canto maior sexa o número de licenzas. (Ata 40 puntos)

a.2- Número total de licenzas na provincia da súa modalidade deportiva: Este apartado establece a relación entre licenzas da disciplina deportiva na provincia e o número de licenzas da entidade. Daráselle a maior puntuación ao club que posúa maior número de licenzas en relación aos totais da provincia. (Ata 10 puntos)

a.3- Número de deportistas en categoría feminina, dándolle maior puntuación aos clubs que teñan maior número de deportistas femininas. (Ata 20 puntos)

a.4- Número de equipos e categorías do club con especial referencia aos de categorías de base (inferior a senior ou absoluta) para valorar a súa estrutura de club de formación, dando maior puntuación cantos máis equipos de base posúa e canto máis cubertas estean todas as categorías. (Ata 30 puntos)

a.5- Entidades con dúas ou máis disciplinas deportivas, para recoñecer o esforzo por diversificar a oferta deportiva, primando os que posúan máis equipos. Este extremo deberá acreditarse, con carácter xeral, con certificado de licenzas de dous ou máis federacións diferentes. (Ata 10 puntos)

a.6- Cualificación do cadro técnico do club, dando maior puntuación pola maior cualificación técnica. Para todos os técnicos que figuren no anexo correspondente o club deberá acreditar relación laboral para a temporada 2024-2025, de conformidade coa lexislación laboral aplicable. (Ata 20 puntos)

b) Situación económica da entidade: Este indicador avaliará a situación económica da entidade resultado da análise dos gastos de quilometraxe, orzamentos e liquidación. (Ata 80 puntos)

b.1- Gastos de quilometraxe do club por temporada deportiva, en competicións oficiais, por constituír un dos indicativos máis relevantes da programación dun club e un dos custos máis significativos nos seus orzamentos, dando maior puntuación canto maiores sexan os gastos. (Ata 40 puntos)

b.2- Xestión económica da entidade solicitante: valorarase a racionalidade e eficiencia da xestión económica do club, resultante do exame dos seus orzamentos para a temporada 2024-2025 e da súa última liquidación, tendo en conta o esforzo económico realizado, entendéndose como tal, a maior consecución de recursos non públicos (tales como cotas de socios ou patrocinios privados). (Ata 40 puntos)

c) Nivel da competición: Este indicador avaliará o ámbito xeográfico da competición e a categoría na que participe o club, dando maior puntuación canto máis importante sexa a competición. (Ata 40 puntos)

No caso de que un club teña máis dun equipo en categoría diferente, poderáselle outorgar unha puntuación adicional de ata 20 puntos.

d) Incidencia social: Neste apartado terase en conta a singular importancia dun club no fomento, desenvolvemento e influencia da práctica deportiva nunha comarca, municipio ou barrio concreto: valorarase a singular importancia que un club poida ter na realidade da práctica deportiva nun ámbito territorial específico, primando a aqueles que posúan unha especial significación social por constituír a única ou principal canle para a práctica dunha determinada disciplina deportiva nunha concreta zona do territorio. Tamén terase en consideración a antigüidade do club e aqueles que manteñan algunha iniciativa deportiva con persoas discapacitadas, ben sexa porque son entidades de disciplinas con discapacitados ou, sen que o sexan, manteñan algunha forma de participación na integración deste colectivo. (Ata 40 puntos).

2. Unha vez coñecidas as puntuacións resultantes, procederase a clasificar as entidades admitidas e baremadas en catro grandes grupos, en función da incidencia recíproca que teñen entre si os tres indicadores xerais:

- Grupo I de competición nacional. Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nun ámbito xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporada a toda España.

- Grupo II de competición autonómica-nacional mixto. Os clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nunha competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado.

- Grupo III de competición autonómica. Os que disputen a súa competición maioritariamente no marco da Comunidade Autónoma (absoluta/base).

- Grupo IV de competición provincial. Neste grupo integraranse as entidades deportivas que disputen competicións puntuais a nivel autonómico e/ou competicións regulares a nivel provincial (absoluto/base).

Para os efectos da correcta interpretación da clasificación precedente, a Comisión de Valoración deberá ter en conta, ademais do indicado, as seguintes consideracións:

- No momento de integrar a un club en calquera dos catro grupos indicados, deberá ter especial estimación o reflectido no anexo VI “gastos por “quilometraxes” por constituír un dos principais indicadores obxectivos do ámbito territorial dunha entidade deportiva.

- Outro dos parámetros que definen o indicado ámbito será a rigorosa análise da globalidade do calendario de competición. A participación illada dun equipo ou compoñentes dun club, nunha determinada competición, non deberá garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado.

**Undécima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

#### **Décimo segunda.- Publicidade da concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.gal>) e na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2025, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

#### **Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser posible, na páxina web e na ropa deportiva do club.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

#### **Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos, así como a indicación das datas da temporada, segundo modelo **anexo X**.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago, segundo modelo **anexo XI**.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia, segundo modelo **anexo XII**.

A relación de gastos e ingresos deberá referirse ao gasto e ingreso total efectuado pola entidade beneficiaria durante o período subvencionable.

D) Xustificación do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en prohibición de obter subvencións, nos seguintes termos:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo XIII** destas bases.
- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago de ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de

entidade bancaria e, no seu caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,26 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e praxe do presidente e secretario da entidade.

- No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, ademais do sinalado no parágrafo onde se indican os supostos de non existir obriga legal de emitir factura, deberá presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e praxe do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento; esta certificación non exime da obriga da presentación dos correspondentes documentos xustificativos do gasto.

- No caso de gastos de persoal, as nóminas, xunto co seu pago, deberán acompañarse dos documentos de cotización ante a Seguridade Social (recibo de liquidación de cotización e relación nominal dos traballadores), e o pago correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e o modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención.

Non serán válidos os gastos de nóminas, se non veñen acompañados de todos os documentos anteriormente indicados.

- No resto dos supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

